

A Presidencia, de conformidade co disposto no artigo 53 do Regulamento do Parlamento, resolveu convocar o Pleno do Parlamento para realizar unha sesión o próximo día 12 de febreiro de 2019, ás 10:00 horas, no pazo do Parlamento.

De acordo coa Xunta de Portavoces e a Mesa, na reunión do día 5 de febreiro de 2019, a orde do día da sesión é a seguinte:

**Punto 1. Textos legislativos**

- 1.1 Debate de toma en consideración da Proposición de lei, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, orgánica de Transferencia de Competencias á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de Salvamento Marítimo e Loita contra a Contaminación Mariña (doc. núm. 20123, 10/PPLC-000006)  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 211, do 15.11.2017*
- 1.2 Debate de toma en consideración da Proposición de lei, do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, reguladora da actividade dos grupos de interese en Galicia (doc. núm. 41626, 10/PPL-000033)  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 398, do 14.12.2018*

**Punto 2. Comparecencias**

- 2.1 45055 (10/PPP-000091)  
Da Sra. conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, por petición propia, para informar da situación actual do calendario e das perspectivas do Plan de transporte público de Galicia
- 2.2 37715 (10/PPP-000081)  
Do Sr. conselleiro do Medio Rural, por petición propia, para informar das liñas xerais de actuación do seu departamento  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 365, do 03.10.2018*

**Punto 3. Mocións**

- 3.1 45115 (10/MOC-000125)  
Grupo Parlamentario de En Marea  
Solla Fernández, Eva  
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para evitar as situacións de saturación nos servizos de urxencias dos hospitais do Sergas. (Moción, a consecuencia da Interpelación n.º 40247, publicada no BOPG n.º 386, do 21.11.2018, e debatida na sesión plenaria do 21.01.2019)
- 3.2 45116 (10/MOC-000126)  
Grupo Parlamentario de En Marea  
Villares Naveira, Luis

- 5 FEB. 2019

Núm. 13755

Sobre a defensa pola Xunta de Galicia, nos espazos políticos e institucionais e nos acordos que leve a cabo, dos dereitos humanos, da igualdade de mulleres e homes e do autogoberno. (Moción, a consecuencia da Interpelación nº 43058, publicada no BOPG nº 414, do 18.01.2019, e debatida na sesión plenaria do 21.01.2019)

- 3.3 45124 (10/MOC-000123)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Pierres López, María Luisa  
Sobre a posición do Parlamento de Galicia e as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de violencia de xénero. (Moción, a consecuencia da Interpelación nº 39868, publicada no BOPG nº 383, do 14.11.2018, e debatida na sesión plenaria do 21.01.2019)

- 3.4 45125 (10/MOC-000124)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Vilán Lorenzo, Patricia  
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co cumprimento da Lei 4/2017, do 3 de outubro, de protección e benestar dos animais de compañía. (Moción, a consecuencia da Interpelación nº 35663, publicada no BOPG nº 354, do 12.09.2018, e debatida na sesión plenaria do 21.01.2019)

#### **Punto 4. Proposicións non de lei**

- 4.1 25169 (10/PNP-001794)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis  
Sobre a implantación polo Goberno galego do Servizo de Hemodinámica as 24 horas do día no Complexo Hospitalario Universitario de Ourense  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 260, do 14.02.2018*
- 4.2 41431 (10/PNP-003132)  
Grupo Parlamentario de En Marea  
Sánchez García, Antón e Cal Ogando, Marcos  
Sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central relativa á defensa da inclusión da conexión Vigo-Oporto no Corredor Atlántico, dentro do Proceso de reforma dos regulamentos UE 1315/2013 e 1316/2013 do Parlamento e do Consello Europeo  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 397, do 13.12.2018*
- 4.3 41484 (10/PNP-003140)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Pierres López, María Luisa e 4 máis  
Sobre a posta en marcha polo Goberno galego dun plan de vivenda para a

emancipación xuvenil

*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 397, do 13.12.2018*

- 4.4 42795 (10/PNP-003210)  
Grupo Parlamentario de En Marea  
Solla Fernández, Eva  
Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia destinadas a levar a cabo a xestión directa do Servizo de transporte sanitario urxente terrestre en Galicia  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 414, do 18.01.2019*
- 4.5 43939 (10/PNP-003268)  
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Pontón Mondelo, Ana Belén e 5 máis  
Sobre o Proxecto de orzamentos xerais do Estado para 2019 en relación co investimento para Galicia  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 417, do 23.01.2019*  
*Publicación correccións, BOPG n.º 423, do 31.01.2019*
- 4.6 44345 (10/PNP-003308)  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia  
Tellado Filgueira, Miguel Ángel e 19 máis  
Sobre o posicionamento do Parlamento de Galicia respecto ao Proxecto de lei de orzamentos xerais do Estado para o 2019  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 423, do 31.01.2019*
- 4.7 44503 (10/PNP-003325)  
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis  
Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación co prezo das peaxes nas autoestradas AP-9 e AP-53  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 423, do 31.01.2019*
- 4.8 44787 (10/PNP-003348)  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia  
Núñez Feijóo, Alberto e 40 máis  
Sobre a posición do Parlamento de Galicia en relación coa situación de Venezuela.  
*Publicación da iniciativa pola vía de urxencia, BOPG n.º 423, do 31.01.2019*

**Punto 5. Interpelacións**

- 5.1 41288 (10/INT-001377)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela

Sra. deputada/ Sr. deputado do Parlamento de Galicia

Sobre a política do Goberno galego en relación coa situación do servizo de pediatría no Sistema galego de saúde  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 397, do 13.12.2018*

5.2 43481 (10/INT-001434)  
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Prado Cores, María Montserrat e 5 máis  
Sobre a política do Goberno galego diante da situación da sanidade pública galega  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 417, do 23.01.2019*

5.3 43899 (10/INT-001440)  
Grupo Parlamentario de En Marea  
Cal Ogando, Marcos e Sánchez García, Antón  
Sobre o incremento da mortalidade nas estradas galegas  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 417, do 23.01.2019*

**Punto 6. Preguntas para resposta oral do Presidente da Xunta**

6.1 45341 (10/POPX-000127)  
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Pontón Mondelo, Ana Belén  
Sobre as previsións do Goberno galego respecto do exercicio das súas competencias en materia de sanidade rectificando os recortes e privatizacións para garantir o dereito das persoas á saúde


6.2 45342 (10/POPX-000128)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Fernández Leiceaga, Xoaquín María  
Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para igualar o nivel competencial de Galicia co das outras nacionalidades históricas

6.3 45343 (10/POPX-000129)  
Grupo Parlamentario de En Marea  
Villares Naveira, Luis  
Sobre a valoración do Goberno galego respecto da situación actual do autogoberno en Galicia

**Punto 7. Preguntas ao Goberno**

7.1 45339 (10/PUP-000222)  
Grupo Parlamentario de En Marea  
Cuña Bóveda, María de los Ángeles  
Sobre os funcionarios que forman parte da mutualidade que substituíu ao Centro Galego de Bos Aires en Ospaña

- 7.2 43711 (10/POP-005204)  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia  
Castiñeira Broz, Jaime e 6 máis  
Sobre o investimento previsto pola Xunta de Galicia, no marco do programa Rexurbe, para a adquisición e posterior rehabilitación de inmobles nos núcleos históricos de Ferrol, Betanzos, Lugo e Ourense  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 417, do 23.01.2019*
- 7.3 45329 (10/PUP-000221)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Álvarez Martínez, Luis Manuel e Pierres López, María Luisa  
Sobre a valoración do Goberno galego respecto das execucións orzamentarias do Ministerio de Fomento na Comunidade Autónoma de Galicia nos anos 2015, 2016 e 2017
- 7.4 45340 (10/PUP-000223)  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia  
Tellado Filgueira, Miguel Ángel e 8 máis  
Sobre a avaliación do Goberno galego respecto da viaxe institucional a Miami e Nova York anunciada polo presidente da Xunta de Galicia para reforzar as relacións económicas e comerciais cos Estados Unidos de América
- 7.5 44410 (10/POP-005304)  
Grupo Parlamentario de En Marea  
Chao Pérez, Luca e Cuña Bóveda, María de los Ángeles  
Sobre as razóns da facturación ás familias das reparacións dos equipos informáticos facilitados ao alumnado que forma parte da iniciativa de educación dixital E-Dixgal na modalidade de cesión de uso  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 423, do 31.01.2019*
- 7.6 43716 (10/POP-005205)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Pérez Seco, José Manuel e 2 máis  
Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para solucionar a situación na que se atopa o servizo de pediatría nos concellos de Moeche, Cerdido, As Somozas e San Sadurniño  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 417, do 23.01.2019*
- 7.7 45316 (10/PUP-000220)  
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Presas Bergantiños, Noa e 5 máis  
Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da ampliación do funcionamento do servizo de hemodinámica do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense ás 24 horas do día



- 7.8 42711 (10/POP-005027)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Vilán Lorenzo, Patricia e 3 máis  
Sobre o cumprimento do convenio asinado coa Deputación Provincial de Pontevedra o 22 de xaneiro de 1991 e ratificado no ano 2000 respecto da finca de Lourizán, en Pontevedra  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 414, do 18.01.2019*
- 7.9 43949 (10/POP-005256)  
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Rivas Cruz, José Luis e 5 máis  
Sobre as axudas para previr os danos causados polo lobo e o porco bravo na gandería e nos cultivos agrícolas  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 417, do 23.01.2019*

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás mocións e ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 5 de febreiro de 2019

Miguel Ángel Santalices Vieira  
Presidente

**Asinado dixitalmente por:**  
**Miguel Ángel Santalices Vieira, Presidente na data 05/02/2019 18:17:32**

Sra. deputada/ Sr. deputado do Parlamento de Galicia